

## **XI Premios Baceiros de Prata**

**Pazo dos Ulloa-Esposende-Ribadavia, 18 de novembro de 2017**

Autoridades,  
amigas e amigos.

Reunímonos este sábado de outono -frio e seco- no pazo onde viviu don Alvaro das Casas, ilustre galeguista e catedrático de xeografía e historia, escritor e militante do Partido Galeguista e símbolo e icono desta asociación que leva o seu nome. E acudimos a este pazo para celebrar a entrega dos XI Premios Baceiros de Prata, que recollerán a adega “O Alborexar do Ribeiro” e a “Sociedade Cooperativa Galega Hoxe” da comarca do Deza. No criterio do xurado, ás empresas premiadas están integradas por persoas novas e expertas no seu traballo -na viticultura uns e na gandería outros-, que elaboran produtos de incuestionable calidade, con materias primas autóctonas, con esmero e entusiasmo e, sobre todo, pola súa implicación social e de compromiso coa lingua.

As novas tecnoloxías harmonizan nestas empresas coa tradición e coa historia da nosa lingua. Como consta na acta do xurado, unha das empresas premiadas organiza os medios de produción seguindo o modelo da cuarta revolución industrial coñecida como 4.0. A finalidade das industrias 4.0 consiste en enfatizar a idea dunha imparabile dixitalización coa finalidade de lograr unha coordinación cooperativa en todas as unidades produtivas da economía. Seguramente a meta final desta revolución non será outra que chegar a unha produción sostida por fábricas intelixentes. É un orgullo para Galicia contar aquí, no Ribeiro, con empresas e con emprendedores que xa empezan a colocar no mercado produtos que dependen da interconexión de máquinas e de sistemas no mesmo emprazamento da produción, así como pola capacidade de levar a cabo información co exterior da propia empresa, ben sexa interactuando mediante oferta e demanda, mediante comunicación entre empresa e clientes ou a través da interconexión con outras empresas intelixentes, etc.

Con todo, esa avanzada nas novas tecnoloxías non impide seguir utilizando a nosa lingua na venda dos seus produtos. Incluso, fan gala do galego no propio nome da empresa.

“Alborexar”, un verbo fermoso, pero ao mesmo tempo categórico e contundente, que serve de metáfora para xustificar os ideais e o traballo duns mozos que comezan a ver luz aquí, no Ribeiro, para superar os anos

de crise e de estancamento vitivinícola.

“Hoxe”, adverbio de tempo que denota realidade e compromiso coa actualidade. “Hoxe” elude o pasado e soslaia o futuro. Está entre “onte” e “mañá”. Pero “onte” xa non é, porque xa foi, e “mañá” será, con todo veremos se chega a ser. “Hoxe” indica o bo momento polo que pasa esa Sociedade Cooperativa Galega da comarca do Deza na venda dos produtos lácteos. E reflicte o espírito dun proxecto que pretende seguir estando ao día e aproveitalo durante moitos anos. *Carpe diem*, aproveita o día, agarra o “hoxe” dicían os clásicos.

Pero a lingua vai máis alá do nome destas empresas. Os seus viños, os seus queixos, póñense no mercado en galego. Fano con orgullo e sen complexos, porque saben que están propalando os valores da xente galega. É gábanse de enviar esa mensaxe a través das etiquetas que levan o remitente de Galicia. Son auténticos catequistas da nosa lingua e do noso país. E digo catequistas porque recollo a idea de Juan Ramón Lodares, autor do libro *Lengua y patria*, de 2002, onde vincula lingua e nación afirmando que tal vínculo é de orixe relixiosa, e que de feito, a práctica relixiosa da predicación -no caso de América, por exemplo- e a loita contra a Reforma fixéronse utilizando as diversas linguas de cada lugar e amparando, polo tanto, a separación das comunidades. Teña ou non unha orixe relixiosa, a maridaxe de lingua e patria parece amplamente compartida.

“Alborexar” e “Hoxe” están facendo patria, polo que ben merecen este premio. Descartes dixo no século XVII: “a miña lingua é a miña patria”. Pero despois del foron moitos os que repetiron a mesma idea. O poeta arxentino Juan Gelman, premio Cervantes 2007, dixo en Pekín, despois de 13 anos de exilio: “Sólo tengo una patria, la lengua... todos pertenecemos al mundo y si una patria tengo es la lengua”.

O poeta e escritor portugués Fernando Pessoa repetiu que a súa patria é a lingua. O escritor cubano Leonardo Padura, premio Princesa de Asturias das letras 2015, dixo ao recoller o premio: “Tengo tres patrias: Cuba, mi lengua y mi trabajo”. Cando o poeta alemán Rainer María Rilke di que a verdadeira patria do home é a infancia, implicitamente está afirmando o momento fundamental de mergullarse na lingua, que é a súa patria.

Non estou seguro que poida resultar convincente para todos os presentes esa identificación entre lingua e patria, dadas as connotacións desta última palabra nos relatos do Estado español ou ideolóxicos, pero penso que, fóra desa connotación pexorativa, a idea paréceme válida. E sempre se pode substituir patria por matria ou por país.

O filósofo alemán Martín Heidegger deixou escrito no seu libro *Carta sobre*

*el humanismo*: “A lingua é ao home como as nubes son ao ceo...”. A lingua é a casa do ser. Na súa morada habita o home” Estas expresións veñen a coincidir co que queda dito antes sobre a relación lingua-patria.

A lingua constitúe unha “patria” “matria” “país” ou “nación”, que non queda atada aos cambios e vaivéns de fronteiras axustadas a acordos e confrontamentos históricos, senón a unha realidade de pensamento, a unha forma de entender, de comunicar e de interpretar o mundo. Quizais nese sentido escribiu Séneca estas palabras “amamos a patria non porque sexa grande, senón porque é nosa”.

Esperamos e desexamos que a opción do uso da lingua galega na etiquetaxe de “Alborexar no Ribeiro” e na “Sociedade Cooperativa Galega Hoxe” represente a mellor opción no “custo de oportunidade” fronte á alternativa de facelo noutra lingua.

Pero as etiquetas teñen que aludir ou referenciar a un produto de óptima calidade para non defraudar ao consumidor, nin enlodar a imaxe de Galicia nos mercados. Deberían servirnos de escarmento auténticas chapuzas que forman parte xa da historia alimentaria negra deste país. No próximo mes de decembro vanse cumprir cincuenta anos do xuízo polo “caso metílico” en Galicia, que provocou unhas mil mortes. Ese letal e traumático suceso que tivo a súa orixe nunha desnaturalización do alcol utilizado en bebidas típicamente galegas -viño, licor café, augardente- coa única intención de enriquecerse os seus manipuladores, aínda hoxe pesa como unha lousa no imaxinario galego, especialmente no vitivinícola. Apostemos polos mellores produtos nutricionais, polos produtos de calidade, por unha cuestión ética pero tamén para incrementar o valor do eslogan “Galicia calidade”.

As dúas empresas premiadas cos Baceiros de Prata deste 2017, non son sospeitosas de que debaixo das súas etiquetas non se agoche unha extraordinaria e natural mercadoría.

Parabéns a Alborexar no Ribeiro e á Sociedade Cooperativa Hoxe.

Moitas grazas.

*Avelino Muleiro García.*

*Presidente da Asociación Álvaro das Casas.*